

## Reunión ANPA-Alcaldesa edificio de E. Primaria

Opasado 18 de xaneiro a xunta directiva do ANPA Brigantium volveu a reunirse coa Alcaldesa e coa Conselleira de Educación do Concello de Betanzos.

A ANPA fíxolle entrega dun novo informe (dispoñible no blog do ANPA) sobre a situación de masificación actual do centro de primaria. Dado que este boletín é claramente insuficiente para redactar todas as deficiencias descritas no informe, procedemos aquí a un resumo do mesmo:

As aulas de infantil non dispoñen das dimensións mínimas legais. (20% máis pequenas do estipulado)

O edificio de primaria supera nun 50% a súa capacidade de evacuación en caso de emerxencia.

O patio interior está dimensionado para 570 alumnos (xa sabedes cantos somos en realidade)

Os aseos ademais de vellos, son insuficientes

O edificio carece, ademais, de aulas suficientes:

- para reforzo educativo
- para inglés
- para música
- para informática

O edificio non dispón, de:

- Laboratorio de Ciencias
- Taller de plástica e pretecnoloxía
- Ximnasio, vestiarios e duchas
- Salas de titorías ou Salón de actos

En relación ás TIC (informática) este colexio dispón da ridícula cifra de:

- 1 pizarra dixital cada 454 alumnos
- 1 portátil cada 8 mestres
- 1 proxecto cada 100 alumnos
- etc.

## Compromisos da Alcaldesa

Dado que, segundo os estudos demográficos da área de Betanzos, o número de matrículas no CEIP Fco. Vales Villamarín seguirá aumentando cara ao vindeiro curso 2011-2012, a ANPA Brigantium conseguiu da Alcaldesa os mesmos compromisos adquiridos con todos os partidos da oposición local:

### 1) A inmediata construción do novo colexio de Educación Infantil

- o colexio debe estar rematado ao longo do curso 2011-2012. **semana santa 2012.**

### 2) Reforma integral do CEIP Vales Villamarín, unha vez construído o colexio de infantil

- Proxecto de reforma integral. **decembro 2011**
- Data límite execución da obra: **setembro 2012**

Como mostra da súa implicación a Alcaldesa comprometeuse a:



**ceder os terreos no mes de xaneiro de 2011**



que a Xunta de Galicia licitará a **redacción do proxecto do novo colexio en febreiro de 2011** (primeira quincena)

## MARCADOR CESION TERREOS


ANOS	MESES
3	11

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello de Betanzos decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia, para a súa construción.

## Firma convenio ADC-Concello actividades extraescolares

A xunta directiva da ADC Vales Villamarín mantivo, o pasado 31 de xaneiro, unha reunión coa Alcaldesa de Betanzos.

A reunión, que tiña como obxectivos principais, consolidar e mellorar a colaboración do Concello nas actividades extraescolares ofertadas no CEIP Fco. Vales Villamarín, transcorreu nun clima de entendemento, sendo considerada, por parte da ADC, como moi positiva.



Os principais acordos alcanzados foron:

- ✓ Aumento dun 20% na participación económica, por parte do Concello, en relación ao 2010, quedando actualmente en algo máis de **33€/nenos/ano**.
- ✓ A axuda económica será efectiva antes do mes de Maio do presente ano, que é cando rematan as actividades extraescolares desde curso 2010-2011. Desta maneira poderase afrontar o novo curso con garantías suficientes.
- ✓ Rematar as actuacións pendente no pavillón de deportes: protección canastras, reparación goteiras, instalación de portas de emerxencia con barras de saída antipánico, etc.

# Consello Escolar

( 25 de xaneiro de 2011 )

Neste Consello Escolar ademais de aprobar o balance económico do exercicio 2010, tamén se informou dos seguintes temas:

- O apoio do equipo directivo á campaña da ANPA "Cole novo Xa".
- A colocación na Web da Xunta do Anteproxecto de Convivencia.
- A próxima presentación do **Plan de Autoprotección** para a súa aprobación. Realizaranse con posterioridade os simulacros de evacuación, primeiro por plantas, despois por edificios e por último un xeral.
- O novo formato das circulares do colexio aos pais e nais, no que sempre constará unha parte inferior para devolver asinada, quedando así constancia de que foron entregadas.
- A participación do alumnado de 6º de Primaria nun concurso de televisión. Comunicarase ás familias o día de emisión.
- O custo das visitas que se van facer ao Pazo de Mariñán e á Casa das abellas, rebaixaranse de 5€ a 3€.

## O que dixo a prensa

### El Ideal Gallego

12/01/2011

PORTADA - GALICIA - ESPAÑA - MUNDO - ECONOMÍA - SOCIEDAD - PERIÓDICO IMPRESO - DEPORTES - OPINIÓN  
ESPECIAL LOTERÍA - A CORUÑA - ÁREA METROPOLITANA - PROVINCIA - DEPORTES A CORUÑA - EL TIEMPO

**Betanzos - Los padres "pelearán" para que el colegio empiece a construirse antes de las elecciones**

Padres del Vales Villamarín denuncian la masificación del centro educativo  
**Xornal de Betanzos**  
ASOCIACIÓN, COLEXIO, EDUCACIÓN  
A ANPA do Vales Villamarín denuncia a masificación do centro  
En Betanzos on 12 enero 2011 @ 9:06

Educación para o  
**consumo**  
programa Akal



## Xornada para nais/pais

( mércores, 16 de febreiro, ás 16:30 )

( salón de usos múltiples do colexio )

A ANPA Brigantium, en colaboración co colexio, organiza unha xornada sobre consumo, dirixida a todas as nais e pais do colexio, con independencia de ser socio, ou non, da ANPA.

A xornada está suxeita a unha participación mínima de 15 pais, de non ser así sería cancelada.

## Manifesto ANPAS

As asociacións de nais e pais dos Concellos de Betanzos, Coirós e Paderne, queremos expresar a nosa indignación polo estado de masificación en que se están a impartir as aulas no CEIP Fco. Vales Villamarín, único centro público de Educación Primaria dos tres concellos.

O fracaso escolar, seguramente, é cousa de todos, pero correspóndelles aos políticos, neste caso locais, aportar as solucións necesarias para garantir que os nenos e nenas dos seus concellos reciban un ensino de calidade que lles abra portas en vez de pecharllas.

Repaldan este manifesto:

- ANPA O Carregal do IES **Fco. Aguiar**.
- ANPA Brigantium do **CEIP Vales Villamarín**.
- ANPA O Cruceiro do **EEI de Coirós**.
- ANPA O Acivro do **EEI de O Fontelo - Coirós**.
- **Consello Escolar** do EEI de Coirós.

Boletín para os pais/nais

febreiro 2011



## NON á MASIFICACIÓN



ANPA Brigantium

Búscanos na rede

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

aínda que non sexas socio/a,  
animate a consultarnos  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)



CONCELLO DE BETANZOS  
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN